

Baixo o lema "**Facendo camiño: xuntas pola igualdade real**", o **IX Seminario Galego de Participación e Cidadanía inclusiva**, celebrado o 23 de maio de 2018 en Santiago de Compostela, foi unha xornada na cal, mediante a aprendizaxe e a reflexión de puntos de vista e de experiencias vividas, potenciouse a empatía e o empoderamento das persoas participantes, fomentando unha participación social real e efectiva na sociedade na que viven e apoiando as súas capacidades para comprender e reconducir as dificultades e problemas que afectan as súas vidas.

A temática do seminario foron as **desigualdades ás que se enfrenta cada colectivo en diferentes áreas da nosa sociedade** (laboral, sanitaria, de rendas mínimas...etc), así como o que podería levarse a cabo para combater ditas desigualdades.

Dun xeito máis concreto, reflexionouse este ano na **desigualdade de xénero**, e do mesmo xeito fixéronse propostas conxuntas para poñerlle fin.

As preguntas en base as que se traballou este ano foron:

1. Qué entendes **por igualdade**?
2. Qué tipos de **desigualdades** se che ocorren?
3. **Cómo podemos combater** estas desigualdades?
4. Que medidas se vos ocorren para combater **a desigualdade de xénero**?

Nos talleres previos ao Seminario e durante a xornada, a través de 6 grupos de traballo, as máis de 70 participantes, respostaron a estas preguntas, ofrecendo as seguintes conclusións:

1. Que entendes por igualdade?

As participantes coincidiron en que a igualdade real, dáse cando unha sociedade asume as súas diferenzas como algo enriquecedor e positivo e na que ninguén ten a sensación de estar excluído, unha sociedade na que existe

un trato igualitario e respectuoso, na que todas as persoas teñen as mesmas igualdades de oportunidades e dereitos e o mesmo acceso aos recursos.

- *A igualdade existe cando ninguén ten a sensación de estar excluído.*
- *Non discriminación, sabendo que todos somos diferentes por sexo, relixión, discapacidade, raza, etc.*
- *A non existencia das clases sociais.*
- *Mesmo acceso aos dereitos, aso recursos, mesmos deberes e mesmas oportunidades.*
- *Igualdade de oportunidades en relación as dificultades que ten cada persoa.*
- *RESPECTO. Opinións, forma de ser, pensamento.*
- *O trato igualitario, todas somos persoas.*
- *Convivencia en harmonía*
- *Todas as diferenzas deberían ser enriquecedoras e non entendelas como algo malo.*

2. Qué tipos de desigualdades se che ocorren?

Todo tipo de desigualdade social está fortemente asociada ás clases sociais, ao xénero, á etnia, a relixión, etcétera. Así que de forma máis sinxela podemos definir a desigualdade como o trato desigual ou diferente que indica diferenza ou discriminación dun individuo cara a outro debido á súa posición social, económica, relixiosa, ao seu sexo, raza, cor de pel, personalidade, cultura, entre outros.

Desigualdades derivadas dos prexuízos sociais.

- *Quítannos o dereito de quenes queremos ser*
- *Divídennos, etiquétannos, métennos en caixas.*
- *"A xente non sabe o fácil que é acabar na rúa ou na cárcere".*

Os estereotipos e prexuízos son froito do descoñecemento da realidade, da necesidade humana de simplificar a complexa realidade que nos rodea. O perigo máis grande que encerra un estereotipo ou prexuízo é que a persoa á que se lle atribúe asúmao como verdade. Neste punto prodúcese unha supresión da percepción de valía, das fortalezas da persoa e de infravaloración. En definitiva, a desconexión entre a persoa e a súa dignidade.

As demandas máis recorrentes en materia de desigualdade social, destacadas polas persoas participantes do encontro foron:

- **Na área da Educación**

- Segregación escolar.
- Acceso ao sistema educativo, por exemplo se es inmigrante.
- Existe un problema coa homologación dos títulos cando ves de outro país. Moitas veces aínda que sexas profesora ou avogada no teu país aquí non valen nada os teus estudos.

- **Na área económica.** "Máis cartos, equivalen a máis dereitos".

A maior parte das respostas pódense resumir nunha falta de consideración social de cara as persoas que teñen menos recursos (como por exemplo a non proporcionalidade co pago de impostos tendo en conta a capacidade económica das persoas), o cal remata nunha situación de exclusión e estancamento social.

- Trabállase o mesmo pero unhas persoas cobran máis que outras. Esta desigualdade pode darse tamén entre países.
- Falta de proporcionalidade das multas coa capacidade económica das persoas.
- Burocracia.
- El IVA lo paga todo el mundo por igual (pobres y ricos).

- **Laborais e salariais.**

- Trabas para acceder ao emprego se es inmigrante ou con discapacidade.
- Aproveitamento das necesidades para contratar precariamente.

- Diferencias territoriais entre CCAA nos convenios laborais.
- Brecha salarial de xénero.
- A discriminación do sector de empregado/a do fogar.

- **No acceso a recursos básicos.**

- Falta das mesmas oportunidades para acceder aos mesmos recursos.
- Dificultade de acceso aos servizos básicos (telefono, internet).
- **No acceso a vivenda:** a hora de alugar se non tes nómina e aval atópaste con moitas trabas.
- Acceso ao sistema sanitario: **profesionais sanitarios facendo de administradores da sanidade pública falando de facturación e amedrentando**, trabas administrativas do sistema sanitario.
- **Diferencias territoriais**, dependendo de se resides **no campo ou na cidade**.
- Brecha dixital
- Na accesibilidade se es unha persoa con discapacidade.

Son incontables as barreiras burocráticas que se atopan a diario para poder acceder aos seus dereitos, como por exemplo na cumprimentación da documentación, tempos de espera ou requisitos de acceso que pouco teñen en conta as necesidades e circunstancias das persoas.

- **Na raza, etnia e relixión.** Diferencias de trato dependendo da raza á que pertenza a persoa. Pouco interese en facilitar a comunicación e innumerables prexuízos coa relixión das persoas causados pola falta de coñecementos ou educación formal, así como pola falta de acceso a fontes de información e á educación.

- **De xénero.** Foron recorrentes as respostas relacionadas con esta desigualdade, moitas delas foron encamiñadas en relación coa violencia, micromachismos, roles asignados pola sociedade indirectamente (coma por exemplo os coidados da familia) ou coa brecha salarial.

3. Como podemos combater estas desigualdades? Propostas.

1. Na área da educación.

- Prohibir a segregación escolar.
- Facilitar a homologación dos títulos a través de probas de acceso.
- Educación máis aló das escolas, transformar a educación nun obxectivo de toda a sociedade. Non responsabilizar só ás escolas e ao profesorado.

2. Na área económica.

- Impostos proporcionais ás rendas.
- Establecer unha normativa que reduza as diferenzas salariais
Comprometerse coa loita contra a pobreza (destinando fondos a axudas a outros países).
- Multas proporcionais aos danos causados, actualización da lexislación en materia de sancións a empresas .
- **Fomentar a competencia entre as empresas**, para que baixen os prezos a beneficio de todos os cidadáns con menos recursos.

3. No ámbito laboral e salários xustos.

- Garantir este dereito aos cidadáns por medio das leis.
- Protección de datos persoais na procura activa de emprego (BAE) para evitar discriminación por idade, sexo, raza, imaxe,)
- Con vontade política e sancións, facer públicas as nóminas dos traballadores.
- Cotas de autónomos xustas e progresivas.
- Mesmo emprego, mesmo salario, garantir isto mediante normativas e sancións as empresas que non o cumpran.
- Convenios laborais únicos a nivel autonómico.
- Políticas de inserción ao emprego.

4. No acceso a recursos básicos.

- Cotas á seguridade social progresivas e tendo en conta os factores sociais da persoa (risco de exclusión, pobreza).
- Políticas sociais de acceso a recursos e servizos básicos
- Reducir o volume de documentación para cumprimentar coa solicitude.
- Menos trabas burocráticas no acceso a unha vivenda (moita xente non pode alugar xá que se lle esixe unha nomina e un aval do que non dispón).
- Incrementar medios e recursos sanitarios para reducir os tempos de espera.
- Itinerarios personalizados de inserción.
- Vivendas baleiras a favor das persoas sen recursos.

5. Na raza, etnia, cultura e relixión.

- Loita contra o racismo e a xenofobia mediante programas educativos. Que os medios de comunicación promocionen o respecto entre culturas e o recoñecemento ante a diversidade)
- Desigualdade relixiosa: Fomentar a liberdade de relixión e crenzas
Actividades de coñecemento e tolerancia cara a outras relixións .

6. Na área xurídica.

- Cumprir o principio de igualdade ante a lei, recollido na Declaración Universal de Dereitos Humanos e na Constitución Española.
- Avogados públicos para todos.
- Minimizar as interpretacións das leis.
- As leis deben transformarse a medida que se transforma a sociedade.

7. Inculcar valores sociais, sensibilización da sociedade.

- Valores sociais, a nivel persoal e familiar.

- Educación en valores sociais dende a infancia e ao longo da vida.
- Información e sensibilización para a sociedade en xeral e para o tecido empresarial en particular sobre todos os colectivos (diversidade funcional, inmigrantes, persoas privadas de liberdade, etc.) co fin de eliminar prexuízos e estereotipos.
- Uso da linguaxe (desterrar expresións como "o normal" VS. "o non normal").
- Utilización do linguaxe inclusivo (discapacitado VS. Persona con diversidade funcional)
- Formación nas escolas sobre a importancia da integración
- Unha materia educativa para que a xente coñeza a realidade da sociedade.

4. Qué propoño a favor da igualdade de xénero?

A desigualdade de xénero é a falta de equidade, equilibrio ou igualdade de oportunidades, participación social, económica, política, laboral ou acceso a recursos entre xéneros. Falamos de desigualdade de xénero cando existen máis privilexios e liberdades a favor dun xénero que do outro.

As desigualdades de xénero máis notables acentúanse principalmente debido aos chamados estereotipos de xénero. Neste caso, e dun modo histórico, as mulleres son o xénero máis vulnerable e con máis barreiras de acceso a todos estes ámbitos.

Querendo facer parada específica nesta desigualdade, na sesión da tarde os participantes reflexionaron e propuxeron unha serie de medidas que se poderían levar a cabo para combatela.

- Participación, a educación e sobre todo o facilitar a apertura e o crecemento de empresas que creen emprego con igualdade de condicións para todos e todas.
- Avaliar as medidas do plan de igualdade de maneira participativa e sistemática.
- Concienciar en como afecta o machismo tamén aos homes para xerar maior empatía e conciencia feminista.
- Equiparar salarios.
- Presión social, unificación.
- Sentencias xustas. Concienciar en contra da cultura da violación.
- Formación en igualdade de oportunidades e de xénero nas empresas.
- Linguaxe non sexista, vocabulario adecuado nos medios de comunicación, publicidade e na educación.
- Fomentar o emprego feminino en ámbitos e profesións tradicionalmente atribuídos aos homes (ciencia, enxeñería, forzas armadas, aviación...) e viceversa.
- Educación por igual dende a infancia para nenas e nenos (xogos, xoguetes, libros... non sexistas) para rematar cós roles de xénero.
- Non segregrar por sexo en ningún espazo (deportes, colexios, vestiarios, roupa...etc.)
- Obrigatoriedade de listas cremalleira en postos directivos.
- Segregación horizontal de profesións (probos de acceso obxectivas)
- Non sexamos cómplices silenciosos.
- Igualdade coma asignatura nos espazos formativos.
- Transformar e crear novas leis que axuden a igualdade real.
- Equiparar permisos de paternidade e maternidade.
- Non poñer foto nin datos persoais no cv.
- Uso de linguaxe neutra/inclusiva.
- Plan de igualdade para todo tipo de empresas.
- Beneficios fiscais para as empresas nas baixas de maternidade/paternidade
- Recoñecemento dos traballos non remunerados (traballo no fogar, coidado de persoas dependentes, etc.).



IX Seminario Galego de Participación e Cidadanía inclusiva

Facendo camiño: Xuntas pola igualdade real **#Reclamolgualdade**

- *Publicidade de nóminas nas empresas para garantir a publicidade da igualdade.*
- *Leis que sigan e garantan de verdade a loita contra a desigualdade (que non queden impunes as políticas discriminatorias)*
- **NON É NON!**

#Reclamolgualdade